

3ª DECLINACIÓN

A dificultade da terceira declinación reside na multitude de formas que pode asumir o Nominativo singular. Polo demais, unha vez que descubrimos a raíz do verbo, o resto de terminacións da declinación son estándares e, por tanto, predecibles.

Para coñecer a raíz, só precisamos saber o enunciado (Nominativo Sg. + Xenitivo Sg.) da palabra e retirar a terminación de infinitivo (-is)

Tradicionalmente divídense en:

Tema en consoante (C)	Tema en vogal -i (V)	Tema mixto (M)
Os substantivos de tema en consoante teñen distinto número de sílabas en Nominativo e en Xenitivo.	Os substantivos de tema en vogal teñen o mesmo número de sílabas en Nominativo e en Xenitivo.	Son substantivos monosílabos terminados en dúas consoantes en Nominativo singular e con dúas consoantes diante da terminación -is de xenitivo.

Exemplos:

homo-hominis
"home, persoa",
carmen-carminis
"poema" (2 sílabas en nominativo-3 en xenitivo).



Exemplos:

civis-civis "cidadán",
mare-maris "mar" (2 sílabas en nominativo-2 en xenitivo).



Exemplos:

pons-pontis "ponte",
pars-partis "parte"
(Nom. sg.: *ns*, Xen. Sg: *nt-is*)



EXERCICIOS

1. DISTINGUE ENTRE TEMAS EN CONSOANTE (C), TEMAS EN VOGAL -I (V), TEMAS MIXTOS (M)

dux-ducis (m), *xeneral*

mel-mellis (n), *mel*

rete-retis (n), *rede*

explorator-exploratoris (m), *explorador*,
rastreador

mors-mortis (f), *morte*

*civitas-civitatis (f), cidade**navis-navis (f), nave**virtus-virtutis (f), virtude, valor**fons-fontis (m), fonte, orixe**avis-avis (f), ave**vox-vocis (f), voz, palabra**pars-partis (f), parte**pes-pedis (m), pé**mons-montis (m), monte**leo-leonis (m), león**ars-artis (f), arte**classis-classis (f), frota**opus-operis (n), obra, traballo**ius-iuris (n), dereito, xustiza**dens-dentis (m), dente**rus-ruris (n), campo**gens-gentis (f), raza, pobo**iuvenis-iuvenis (m, f), xove**nox-noctis (f), noite*

TEMAS EN CONSOANTE

DESINENCIAS

	Masculino ou feminino SG	Neutro SG	Masculino ou feminino PL	Neutro PL
Nominativo e Vocativo	(variedade, pero son iguais en ambos casos)	(variedade, pero son iguais) Moi habitualmente son a raíz sen ningunha desinencia.	-es (igual nos tres casos)	-a
Acusativo	-em			
Xenitivo	-is		-um	
Dativo	-i		-ibus	
Ablativo	-e			

FORMACIÓN DOS NOMINATIVOS		
Forman o nominativo engadindo –s nos substantivos masculinos e femininos. Os neutros non toman desinencia (tema puro). A presenza da –s produce unha serie de cambios:		
	Substantivos masculinos e femininos	Substantivos neutros
Temas en -p, -b	Los substantivos cuxo tema remata en -p, -b toman s. princeps-principis (m), príncipe, o primeiro * El nominativo presenta unha –e que por apofonía pasa a –i no resto dos casos. Normalmente, a vogal do nominativo nestes temas é -e	Non hai substantivos neutros
Temas en -t, -d	Toman –s no nominativo que provoca a caída da t/d miles-militis (m), soldado Á raíz engadimos –s e cae a –t: milit +s > miles (con apofonía, e>i en xenitivo)	Non toman desinencia no nominativo. - caput-capitis (n), cabeza. - cor*-cordis (n), corazón - lac*-lactis (n), leite * Os tema cord y lact terminan en dúas consoantes e pérdese a última en nominativo (cord > cor y lact > lac).
Temas en -c, -g	Toman –s en nominativo, pero o grupo -cs, -gs transfórmase na grafía -x: c, g, + s > x rex-regis (m), rei	Non hai substantivos neutros
TEMAS EN CONSOANTE –M: Toman a desinencia –s en nominativo.		
Temas en -m	Existe un único substantivo de tema en –m e toma –s en nominativo: hiems-hiemis (f), inverno	
TEMAS EN CONSOANTE “L, R, N, S”: Non toman desinencia en nominativo, calquera que sexa o seu xénero.		
	substantivos masculinos e femininos	substantivos neutros

Temas en -l	O tema coincide co nominativo, pois non toman desinencia: <i>consul-consulis</i> (m), cónsul <i>sol-solis</i> (m), sol	Hai poucos substantivos neutros de tema en -l: <i>mel-mellis</i> (n), miel O tema acaba en dúas consoantes e pérdese a última en nominativo.
Temas en -r	O tema coincide co nominativo, pois non toman desinencia: <i>mulier-mulieris</i> (f), muller. Algúns substantivos introduciron una -e no nominativo que desaparece no resto dos casos: <i>pater-patris</i> (m), padre/ <i>mater-matris</i> (f), madre / <i>frater-fratris</i> (m), irmán	Hai poucos substantivos neutros de tema en -r <i>ver-veris</i> (n), primavera
Temas en -n	- Cando a consoante -n va precedida de -o, cae a “n” no nominativo: <i>leo-leonis</i> (m), león Nestes temas, ás veces a -o do nominativo pasa a -i por apofonía: <i>homo-hominis</i> (m): home / <i>imago-imaginis</i> (f): imaxe Hai un tema en -n que toma -s en nominativo e perde a -n: <i>sanguis-sanguinis</i> (f), sangue - Son poucos os temas deste xénero que acaban en -en e non perden a -n: <i>tubicen-tubicinis</i> (o que toca la trompeta)	Estes substantivos adoitan levar o sufixoo -men que pasa a -min por apofonía en sílaba medial. <i>carmen-carminis</i> (n), poema <i>flumen-fluminis</i> (n), río
Temas en -s	A -s do nominativo convértese en -r no resto dos casos en que queda entre vocales. Este cambio fonético chámase rotacismo. <i>flos-floris</i> (f), flor <i>arbor-arboris</i> (f), árbore	Os substantivos neutros adoitan ter un nominativo (vocativo y acusativo) rematado en -us que se transforma en -or/ -er nos demais casos: <i>corpus-corporis</i> (n), corpo <i>vulnus-vulneris</i> (n), ferida

2. EXPRESA O NOMINATIVO E XENITIVO DOS SEGUINTES SUBSTANTIVOS

1.munitionem >	Temas en -on: cae a -n ante -o. Apofonía en multitudinibus, ordines.
2.multitudinibus >	
3.ordines >	
4.lumine >	Son neutros de temas en -en, non cambian (sufixo: min > men). *Sabemos que son neutros polo sufixo <i>men</i> = <i>min</i> .
5.fulmine >	
6.fratrem >	Tema en -r: desenvolve unha -r entre las consonantes t/r.
7.dapis >	Temas en -p/b: toman -s.
8.munera >	Neutros (pola terminación -a). A -r < s por rotacismo. Nos temas en -s: substituímos -er/or da raíz por -us.
9.pectora >	
10.generibus (n) >	
11.obsides >	Temas en -t/d: toman -s e cae a dental.
12.laudem >	Por apofonía: obsides.
13.oratorem >	Temas en -r: non toman desinencia.
14.uxori >	
15.radicem >	Temas en -c /g: toman -s: cs, gs > x

1. Munición

5. Raio

9. Peito

13. Orador

2. Multitude

6. Irmán

10. Xénero

14. Esposa
(muller)

3. Orde

7. Manxar,
banquete

11. Refén

15. Raíz

4. Luz

8. Traballo

12. Eloxio, gloria

16. Rei.

3. EXPRESA O ENUNCIADO COMPLETO DOS SEGUINTE SUBSTANTIVOS

Nos dicionarios aparece o enunciado dos substantivos abreviado. Na 1ª e 2ª declinación é fácil reconstruír o xenitivo. Por exemplo, enunciado completo de dominus-i > dominus-domini. Na 3ª declinación tes que ter en conta os cambios que vimos. Por iso, imos practicar nesta actividade completando o espazo en branco co xenitivo completo a partir do enunciado abreviado que aparece na primeira columna.

Enunciado abreviado	Enunciado completo
<i>iuventus-utis</i> (f): juventud	<i>iuventus- iuventutis</i>
<i>index-icis</i> , (m, f): delator	<i>index-</i>
<i>utilitas-atis</i> (f): utilidade	<i>utilitas-</i>
<i>decus-oris</i> (n): decoro	<i>decus-</i>
<i>sidus-eris</i> (n): astro, estrela	<i>sidus-</i>
<i>altitudo-inis</i> (f): altitude	<i>altitudo-</i>
<i>honos-oris</i> (m): honor	<i>honos-</i>
<i>consuetudo-inis</i> (f): costume	<i>consuetudo-</i>

TEMAS EN VOGAL -I

DESINENCIAS


	Masculino ou feminino SG	Neutro SG	Masculino ou feminino PL	Neutro PL
Nominativo e Vocativo	-is, -es	(Aparece no enunciado) -e	-es (igual nos tres casos)	-ia
Acusativo	-em			
Xenitivo	-is		-ium	
Dativo	-i		-ibus	
Ablativo	-e	-i		

4. DECLINA OS SEGUINTES SINTAGMAS

Noster, nostra, nostrum: noso, nosa *Hostis, -is*: inimigo

	SG	PL	
Nominativo e Vocativo	Noster hostis		
Acusativo			
Xenitivo			
Dativo			
Ablativo			

Proximus, -a, -um: cercano *aedes, -is*: habitación, templo (en plural: casa)

	SG	PL	
Nominativo e Vocativo	Proxima aedes		
Acusativo			
Xenitivo			
Dativo			
Ablativo			

Magnus, -a, -um: grande *rete, -is*: rede

	SG	PL	
Nominativo e Vocativo	Magnum rete		
Acusativo			
Xenitivo			
Dativo			
Ablativo			